


## BARRIO DAS LETRAS



Localización dos lugares sobresaíntes no Plano de Teixeira de 1656

Nunha área cruzada por apenas unha ducia de rúas, as circunstancias converxentes nun momento da historia, que se deu en chamar Século de Ouro, situaron no espazo denominado, a consecuencia de tal converxencia, Barrio das Letras, unha acumulación inusitada de enxeños e xenios. Un espírito atento e minimamente iniciado pode escoitar e seguir as pegadas de Lope de Vega, Góngora, Quevedo e Cervantes, alí existe o Teatro Español, que comezou como “Corral de comedias” frecuentado polo Fénix, o Convento das Trinitarias, que garda os restos mortais do autor do Quixote, e onde profesaron a súa filla Isabel e maila de Lope, Marcela; ademais, na igrexa de San Sebastián, situada no límite do barrio pola rúa de Atocha, están soterrados Lope de Vega e o mexicano Ruíz de Alarcón, a partida de defunción de Miguel de Cervantes figura no cuarto libro de defuntos da parroquia (onde se indica que foi soterrado no convento das Trinitarias) e Tirso de Molina recibiu o bautismo, como testifica a acta conservada.

Alén disto, garda algunha testemuña da existencia na época das chamadas “casas de malicia”, que tentamos explicar. Ata o reinado de Filipe II, a corte, isto é, a capital do reino, era itinerante e seguía os desprazamentos reais. Estas características dábanse tamén na época de Carlos I, pero nos seus últimos tempos gozou de certa estabilidade en Toledo. Cando o seu fillo subiu ao trono en 1561

## ANEXOS

decidiu establecela con carácter definitivo nunha pequena vila chamada Madrid, que contaba cuns doce mil habitantes. O primeiro problema que xurdiu foi o aloxamento dos reis e do seu enorme séquito, problema non menor, se temos en conta que, en moi poucos anos, triplicou a poboación. Para facernos idea da súa progresión podémonos fixar en que, en apenas 30 anos (1590) acadaría os noventa mil habitantes.

A nobreza e burguesía local acordaron proporcionarles apousentamento a todos para disfrutar dos beneficios de ostentar a capitalidade do imperio español. Para consegui-lo, o monarca resucitou e adaptou un imposto medieval chamado Regalía de apousento, que consistía en que aqueles cidadáns que tivesen unha casa de máis de dous pisos estaban obrigados a acoller unha das persoas ou familias que compuñan o séquito real, é dicir, todos os que desempeñaban unha función pagada polo estado. Isto aplicouse non só nas casas que xa estaban construídas, senón tamén nas que se construísen ou reformasen.

Así as cousas, os propietarios de predios, a partir daquel intre, procuraron disimular as súas características para escapar á pescuda dos inspectores, e foron aparecendo casas que por fóra parecían de dúas plantas, pero tiñan tres; e, con frecuencia, deseñaban ventás pequenas e distribuídas asimetricamente para reforzar o disimulo. A xente deu en chamalas “casas de malicia”, que vén sendo o mesmo ca casas con trampa.

No Barrio das Letras había unha boa representación destas vivendas, e unha, polo menos, exsite áinda: a casa de Lope de Vega, hoxe museo dedicado ao xenial escritor. Se a visitamos, podemos ver que ten tres plantas, a superior é un ático con bufardas, e só amosa dúas plantas na fachada. Parece que a argucia non lle valeu de moito, pois tivo, durante case un ano, un hóspede coñecido como capitán Contreras, con quen trabou amizade, como demostra o feito de dedicarlle unha comedia (*El rey sin reino*) cunha longuíssima dedicatoria na que debullaba as súas múltiples fazañas, prometía escribilas algún día “en dilatados versos” e remataba con esta décima:

Puso el valor natural  
pleito al valor heredado,  
por más noble, más honrado,  
más justo y más principal:  
siendo la verdad fiscal,  
probó el natural valor  
la fama, laurel y honor  
de Contreras en España,  
y por la menor hazaña  
tuvo sentencia a favor.

Asinada por Servidor, amigo y capellán de Vm.,  
Lope Félix de Vega Carpio.

Efectivamente, este militar tivo unha vida chea de aventuras dende moi novo,

## ANEXOS

por iso o escritor Pérez-Reverte o tomou como modelo para crear o personaxe, tamén capitán, Alatriste.

Botémoslle agora unha ollada aos lugares que máis poden evocar as figuras sobranceiras da literatura áurea, e quizais de todo tempo e lugar, que lles deron nome ao barrio e ás súas rúas; farémolo sobre o plano de Madrid que o cartógrafo portugués Pedro Teixeira (castelanizado Texeira) debuxou, en 1656, en perspectiva cabaleira cunha minuciosidade e exactitude sorprendentes. Nel situaremos casas e lugares de acordo con informacións da época e axudados por Google Earth, que nos proporciona o emprazamento actual.

a) Correspondencia das rúas do Barrio das Letras, relacionadas co trío de poetas desta escolma, coas actuais, segundo a *Topographia de la Villa de Madrid. Año 1656. Del Madrid de Texeira al actual*, de M<sup>a</sup> Auxiliadora Llamas Márquez:

Calle de la Victacion = Visitación / de Pardo = del Prado / Miutidero = del León / de León = del León / Francos = Cervantes / Huertas, igual / Cantarranas = Lope de Vega / del Niño = de Quevedo / S. Iosephe = San Agustín / Plaçuela de Matute / Plaza de Matute.

b) Edificios que gardan a pegada dos vates, no plano de Teixeira.

1. Os “Corrales”.- As casas para vivendas adoitaban ter no Madrid da época (non só en Madrid) un patio descuberto destinado a aparellos e animais, que chamaban “corral”. Tamén se chamaban así os patios interiores que compartían os veciños, ao que daban os corredores comunais. Estes locais serían adaptados para acoller a representación de comedias, de modo preario nun primeiro momento, incrementando paulatinamente os servizos e instalacións ata chegar aos teatros actuais no transcurso dos séculos.

Ata os primeiros anos da década de 1560, as representacións relixiosas (autos sacramentais) e profanas (entremeses, pasos, comedias) facíanse en prazas públicas ou en locais privados, como mesóns, casas e pazos de nobres ou burgueses acomodados, igrexas, corte, etc. Os contratantes adoitaban ser particulares podentes da nobreza ou a burguesía, o clero, os gremios ou as confrarías benéficas. Baixo a influencia da comedia da arte italiana, estas representacións fixérонse cada vez más frecuentes e solicitadas, e começaron a xurdir compañías estables que inauguraron a profesionalización desta arte (caso de Lope de Rueda). Ante este panorama, Filipe II, en 1565, concedeu permiso para a creación da “Cofradía de la Sagrada Pasión”, co privilexio de soster un lugar onde representar comedias con recadación para axudarse no financiamento das súas obras benéficas. Esta confraría e a da “Soledad”, pouco posterior, foron as responsables da instalación e xestión dos “corrales” máis importantes de Madrid, confrarías que rematarían actuando conxuntamente.

Un “corral” de comedias, no seu inicio, estaba dividido en varias zonas; o “tablado” ou escenario, no fondo; gradas laterais, xeralmente reservadas a persoas destacadas e autoridades; a “cazuela”, grada situada na primeira

## ANEXOS

planta, na parte contraria ao escenario, o que hoxe sería o galiñeiro, reservado para as mulleres —o lugar era pequeno e existían unha especie de acomodadores chamados “apretadores”, que velaban por que houbese sitio para todas—; tamén na primeira planta había un corredor por riba das gradas laterais, chamado “tertulia”; nalgúns casos, a “tertulia” podía estenderse por riba da “cazuela”. Ademais destes corredores, existían uns lugares más selectos, os “aposentos”, espazos velados á vista do público mediante celosías. No patio, debaixo do galiñeiro, había xeralmente uns habitáculos chamados “alojeras”, onde se vendía “aloja”, unha bebida a base de auga, mel e especias. E, finalmente, o patio central era o espazo destinado aos espectadores masculinos que non tiñan prerrogativas para ocuparen algúns dos outros lugares, e que vían a función de pé; estaba descuberto, pois o recinto tiña so tellados saíntes que cubrían as gradas e o escenario. Ao pouco tempo estableceuse o costume de cubrilo cunha lona, que tapaba o sol, pero non a choiva. Chamábbase “patio de Mosqueteros”.

Un dos primeiros en estaren documentados foi o “Corral de la Pacheca”, na rúa do príncipe esquina Visitación, que comezou as súas representacións nos derradeiros anos da década de 1560 ou primeiros de 1570; en 1583 inaugurouse o “corral del Príncipe”, case pegado ao anterior, o que implicou o peche do primeiro. Tamén se inaugurou en datas próximas o “Corral da Cruz”, non moi afastado dos anteriores. Todos eles experimentaron a pegada de Lope de Vega, que amosou preferencia polo da Cruz e, sobre todo, polo do Príncipe, o cal, co tempo, transformaríase paulatinamente no que hoxe é o Teatro Español, única sala situada xusto sobre un antigo “corral”.

Perdura, ademais, un tesouro mergullado no tempo, que emerxeu, completo, a mediados do século pasado. Trátase do “Corral de Comedias” de Almagro. A fortuna quixo que o establecemento, situado na praza maior da vila manchega, resistise enteiro, disfrazado para outras ocupacións, ata que unhas obras descubriron o que había agachado. Tanto o propietario coma os poderes públicos da época entenderon a importancia do descubrimento e o “corral” foi restaurado, declarado monumento nacional e devolto á súa función primitiva. Hoxe podemos contemplar, e pisar, un dos emblemáticos locais tan frecuentados polos intelectuais, e non só, da época na que nos estamos a mover. Ao final deste artigo amósanse dúas imaxes do seu interior.

2. Mentidero de representantes.- Na rúa do León, nun espazo intermedio entre Francos e Cantarranas. Nesa rúa reuníanse axentes, actores e autores, ademais de curiosos, para comentar asuntos relacionados coa comedia, para procurar actores uns e empregadores outros, para tratar de “colocar” as súas comedias os escritores, ou, simplemente, para pasar o tempo.
3. Casa de Lope de Vega.- A máis documentada de todas, incluso porque

## ANEXOS

protagoniza, total ou parcialmente, diversos poemas do Fénix. Foi adquirida en 1610 e viviu nela ata o día do falecemento, en 1635. Na entrada mandou inscribir o lema “Parva propria magna, magna aliena parva”. isto é, “o pequeno propio é grande, o grande alleo é pequeno”. Tiña dúas plantas e un patio traseiro que o poeta utilizaba como horta e xardín. Era esta o lugar onde pasaba longos anacos para esparexerse do intenso traballo intelectual e das preocupacións da vida, tamén intensa. Escribiu amplamente sobre este espazo refuxio. Por este protagonismo sabemos que sempre tiña dúas gaiolas con paxaros, había un pozo, dúas parras, árbores diversas, como a milgranda, os loureiros, as laranxeiras, figueira, ciprés...; e gran variedade de flores, roseiras, tulipáns, lirios, caraveis, xasmíns, xacintos. Tamén unha horta na que cultivaba amorodos, alcachofas ou espárragos, entre outras especies. Situada na rúa chamada entón Francos, que, a pesar de pasar vinte e cinco anos sentindo as pegadas e as vivencias do Fénix dos Enxeños, non conseguiu da historia a honra de ostentar o seu nome, e pasou a chamarse rúa de Cervantes.

4. Casa de Cervantes.- O autor do Quixote viviu de aluguer en varias casas do barrio (León, Huertas). A derradeira parece que estaba situada na rúa Francos, esquina da do León; alí morreu, o seu falecemento quedou rexistrado na igrexa parroquial (San Sebastián), e foi soterrado no veciño convento das Trinitarias; cando, en 1833, se derrubou a casa, o Rei interveu, grazas a un artigo de Mesonero Romanos, para financiar unha placa en recuerdo do Manco de Lepanto, coroada por un busto en relevo. E pouco despois púxoselle o seu nome á rúa.
5. Casa de Lope de Vega.- No número 11 desta rúa estaba tamén a casa adquirida por Lope de Vega, na que viviu durante 25 anos ata o seu pasamento. Pero esta non se derrubou, polo que ningún intercedeu para que se bautizase a rúa co nome do Fénix, ao que se lle adxudicou, en 1835, a próxima e paralela Cantarranas. A mansión do poeta, a única deste barrio que se mantén en pé en boas condicións, funciona, dende 1935, como museo (Casa-Museo Lope de Vega).
6. Casa de Góngora.- Algunhas informacóns sitúana na rúa Del Niño e outras en Cantarranas (hoxe Lope de Vega). Algunha, tamén, indica que tiña dúas fachadas. O que parece claro é que facía esquina ou semiesquina con ambas rúas. Quevedo comproouna, parece que para poder desafiuzar o seu rival, e non consta que vivise nunca nela. Emporiso, a casa da rúa Del Niño que fai esquina leva hoxe unha placa que recorda que foi propiedade do autor do Buscón, e a rúa adoptou o seu nome: rúa de Quevedo. Nin unha palabra sobre Góngora, que nin sequera ten placa nin vía no barrio. É máis, non tivo ningunha en Madrid ata 1961, cando a que existía no barrio de Chueca co nome de Góngora, que correspondía ao político Juan Jiménez de Góngora (1608-1668), foi rebautizada como Luís de Góngora, en honor, agora si, ao xenio cordobés.

## ANEXOS

7. Convento das Trinitarias.- Situado na rúa Cantarranas, hoxe Lope de Vega, preto da casa de Góngora. Segue existindo, áinda que rexistrou severas reformas. Alí profesou como monxa a filla de Lope, Marcela, que tomou o nome de Sor Marcela de san Félix. Cando morreu o pai, o enterro cambiou o itinerario natural por pasar por diante do convento para que ela puidese dicirlle o derradeiro adeus detrás das barras da clausura. A comitiva andou ese tramo en dirección contraria e tivo que dar unha volta completa, pois a igrexa e San Sebastián atópase na rúa de Atocha moi preto da praza da Santa Ana, onde o teatro Español substituíu o “Corral del Príncipe”.

### IMAXES DO CORRAL DE ALMAGRO



Corral de Almagro. Patio de “Mosqueteros”, fondo posterior (“cazuela”) e gradas laterais. Imaxe tomada da páxina web El Diario.es.



Corral de Almagro. Patio de “Mosqueteros”, escenario e gradas laterais. Imaxe tomada da páxina web Castilla-La Mancha Film Comission.